



BOP

LUNS, 1 DE XUÑO DE 2026

N.º 123

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA, Concello de BURELA e do IBI Concello de FOZ- exercicio de 2026.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos Padróns IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA, Concello de BURELA e do IBI Concello de FOZ- exercicio de 2026, que delegaron competencias en materia de xestión tributaria e recadatoria de conformidade co disposto no vixente artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (endereço: Ronda da Muralla, núm 140, Pavillón 1- 27004 Lugo) e no concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei xeral tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 14 de maio de 2026.- A presidenta, M.^a del Carmen López Moreno.

ANUNCIO DE COBRANZA

- PRIMEIRO PRAZO DE ADEUDOS-DOMICILIACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA, Concello de BURELA e do IBI Concello de FOZ- exercicio de 2026.

De conformidade co establecido no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e as ordenanzas e cas indicacións dos respectivos concellos comunícase, que, no período comprendido entre os días 1 ao 5 de xuño de 2026 serán cargados os recibos de IBI-2026 nas contas bancarias dos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana do Concello de Burela e do Imposto sobre Bens Inmobles do Concello de Foz, o primeiro prazo que se corresponde co 50 % do total do recibo posto ao cobro, naqueles casos que cumpren cos requisitos establecidos.

A devolución deste primeiro cargo por parte de entidade financeira e, por causa non imputable á administración, implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ao pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento que se determine, quedando anulado o adeudo bancario a partir dese momento e os demais beneficios fiscais relacionados.

Lugo, 14 de maio de 2026.- A presidenta, M.^a del Carmen López Moreno.

R. 1281

CONCELLOS

FOZ

Anuncio

Expediente núm.: 2276/2023

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante concurso-oposición de tres prazas de oficiais para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4027

Vista a acta emitida polo Tribunal Cualificador en relación ao proceso selectivo para de tres prazas de oficiais para o Concello de Foz, que se transcribe a continuación:

“O Tribunal, á vista das cualificacións finais obtidas, propón a Alcaldía nomear a RICARDO GONZALEZ NOQUEIRA, a KEVIN ROUCO TRELLES e a IVAN CASTAÑAL GONZALEZ, para ocupar as prazas de oficial no Concello de Foz, ao obter a maior cualificación final, por orde de puntuación.

O Tribunal, para cumprimento do sinalado nas bases 12 e 13, co fin de asegurar a cobertura de vacantes ou substitucións na mesma praza propón a seguinte e lista de emprego.

LISTAXE DE RESERVA:

1º JUAN ANTONIO FERNANDEZ PEIXOTO “

Vista a base décimo segunda das bases xerais que rexen o proceso, establécese que” Determinada a cualificación final dos aspirantes o Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.concellodefoz.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o aspirante seleccionado, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionados, para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.”

De conformidade co disposto na base décimo terceira, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. **RESOLVO:**

Primeiro.-Declarar a seguinte relación definitiva de aprobados por orde de puntuación:

1º. RICARDO GONZALEZ NOQUEIRA

2º. KEVIN ROUCO TRELLES

3º. IVAN CASTAÑAL GONZALEZ,

LISTAXE DE RESERVA: JUAN ANTONIO FERNANDEZ PEIXOTO

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.concellodefoz.es, no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no BOP, constando a advertencia de recordar ás persoas aspirantes propostas que deberan presentar, no prazo de 20 días hábiles, a documentación sinalada na base décimo cuarta das bases xerais, para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

Terceiro.- Unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo, dos candidatos propostos.

Mándao e asínao

Foz, 25 de maio de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío, ante min, o secretario, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 1363

GUITIRIZ**Anuncio**

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase o Decreto 2025-0549 en data 26/05/2026 onde se resolve:

PRIMEIRO.- Delegar na Concelleira dona Pilar Vázquez Ares as atribucións da alcaldía para oficiar o acto de celebración de matrimonio entre dona Amanda Vázquez García con DNI ****8210* e don Javier Rodríguez Carballido con DNI ****6905* o día 29/05/2026 as 13:30 horas no Concello de Guitiriz.

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución ás persoas interesadas, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

Guitiriz, 27 de maio de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1364

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Abril de 2026.

EDICTO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 14 de Maio de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Abril de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil douscentos oitenta euros con corenta e dous céntimos de euro (3.280,42€), tres mil trinte e un euros con oitenta e dous céntimos de euro (3.031,82€) correspondente a dependencia, e douscentos corenta e oito euros con sesenta céntimos de euros (248,60€) son de libre concorrència.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2026.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 15 de maio de 2026.- A alcaldesa, D.^a Rocío López García.

R. 1365

MONDOÑEDO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía núm. 138/2026 de data 19.05.2026 deste Concello, aprobose a Oferta de emprego público correspondente as prazas que a continuación se apuntan para o ano 2026.

PERSOAL FUNCIONARIO

ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL:

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO | | | | | | | | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO | | | | | |
|---|---|-----|----|----|----|-----|-----|-----------------------------|--------|---------|----------|-----|-----------------|
| NÚM | DENOMINACIÓN DO POSTO | DOT | TP | RX | CD | CE | SIT | AAPP | GR/SGR | ESC/SUB | PRAZA | TIT | FORMA PROVISIÓN |
| 16 | Responsable rexistro, tramitación expedientes diversos e atención á alcaldía e ao público | 1 | S | F | 18 | 300 | VD | C.MND | C2 | AX/AUX | Auxiliar | 2 | OPOSICIÓN LIBRE |
| 40 | Conserxe coordinador/a unidade mantemento de edificios | 1 | S | F | 14 | 400 | VD | C.MND | AP | AX/AUX | Conserxe | 1 | OPOSICIÓN LIBRE |

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente resolución pon fin a vía administrativa, polo que contra esta, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Mondoñedo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Mondoñedo, 21 de maio de 2026.- O alcalde - presidente, D. Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1366

PALAS DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva do Orzamento para o exercicio 2026

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 27 de abril de 2026 publicouse anuncio de información pública da aprobación inicial do Orzamento do Concello de Palas de Rei para o exercicio 2026, acordada polo Pleno en sesión celebrada o 27/03/2026.

Durante o prazo establecido non se presentaron reclamacións, polo que segundo o previsto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considérase definitivamente aprobado.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Resumo por capítulos

Estado de ingresos

| | |
|--|--------------|
| Capítulo 1. Impostos directos..... | 1.472.475,09 |
| Capítulo 2. Impostos indirectos..... | 400.000,00 |
| Capítulo 3. Taxas e outros ingresos..... | 788.600,00 |
| Capítulo 4. Transferencias correntes..... | 2.775.663,03 |
| Capítulo 5. Ingresos patrimoniais..... | 0,00 |
| Capítulo 6. Enaxenación de inversións reais..... | 0,00 |
| Capítulo 7. Transferencias de capital..... | 1.504.813,36 |
| Capítulo 8. Activos financeiros..... | 60.000,00 |
| Capítulo 9. Pasivos financeiros..... | 0,00 |

Suma total dos ingresos: 7.001.551,48

Estado de gastos

| | |
|--|--------------|
| Capítulo 1. Gastos de persoal..... | 3.246.638,06 |
| Capítulo 2. Compra de bens correntes e de servizos | 1.459.623,72 |
| Capítulo 3. Gastos financeiros..... | 18.114,57 |
| Capítulo 4. Transferencias correntes..... | 38.100,00 |
| Capítulo 5. Fondo de continxencia e outros imprevistos | 50.000,00 |
| Capítulo 6. Inversións reais..... | 2.078.299,06 |
| Capítulo 7. Transferencias de capital..... | 13.500,00 |
| Capítulo 8. Activos financeiros..... | 60.000,00 |

Capítulo 9. Pasivos financeiros..... 37.276,07

Suma total dos gastos: 7.001.551,48

En cumprimento do disposto no artigo 127 do RDL 781/1986, de 18 de Abril, faise pública a plantilla de persoal:

| FUNCIONARIOS DE CARREIRA | | | | |
|--|--------------------|-----------------|-----------|--------------------|
| POSTO | ESCALA | SUBESCALA | SITUACIÓN | PROVISIÓN |
| SECRETARIA-INTERVENCIÓN (A1, NIVEL 28) | HABILITAC NACIONAL | SECRET-INTERV. | PROPIEDAD | |
| ADMINISTRATIVO (C1, NIVEL 22) | ADMON. XERAL | ADMINISTRATIVA | VACANTE | CONCURSO OPOSICIÓN |
| ADMINISTRATIVA (C1, NIVEL 19) | ADMON. XERAL | ADMINISTRATIVA | PROPIEDAD | |
| ADMINISTRATIVA (C1, NIVEL 19) | ADMON. XERAL | ADMINISTRATIVA | PROPIEDAD | |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO (C2, NIVEL 18) | ADMON. XERAL | AUXILIAR | VACANTE | PROMOCIÓN INTERNA |
| AXENTE D.L. (A2, NIVEL 20) | ADMON. XERAL | TÉCNICA | PROPIEDAD | |
| ORIENTADORA LABORAL (A2, NIVEL 21) | ADMON. XERAL | TÉCNICA | PROPIEDAD | |
| XEFE DA POLICIA LOCAL (C1, NIVEL 22) | ADMON. ESPECIAL | SERV. ESPECIAIS | PROPIEDAD | |
| POLICIA LOCAL (C1, NIVEL 16) | ADMON. ESPECIAL | SERV. ESPECIAIS | PROPIEDAD | |
| ENXEÑEIRO TÉCNICO (A2, NIVEL 21) | ADMON. ESPECIAL | TÉCNICA | PROPIEDAD | |

| PERSOAL LABORAL FIXO | | | | |
|----------------------|-------------------------|----|-----------|--------------------|
| ÁREA | POSTO | Nº | SITUACIÓN | PROVISIÓN |
| PROTECCIÓN CIVIL | ENCARGADO | 1 | PROPIEDAD | |
| XESTIÓN R.S.U. | CONDUTOR | 1 | VACANTE | CONCURSO OPOSICIÓN |
| XESTIÓN R.S.U. | PEÓN | 1 | PROPIEDAD | |
| XESTIÓN R.S.U. | PEÓN PUNTO LIMPO | 1 | PROPIEDAD | |
| XESTIÓN R.S.U. | LIMPADORA VÍAS PÚBLICAS | 1 | PROPIEDAD | |
| ASISTENCIA SOCIAL | ADMINISTRATIVO C. DÍA | 1 | PROPIEDAD | |
| ASISTENCIA SOCIAL | AUXILIAR AXUDA FOGAR | 14 | PROPIEDAD | |
| ASISTENCIA SOCIAL | AUXILIAR AXUDA FOGAR | 4 | VACANTES | CONCURSO OPOSICIÓN |
| ASISTENCIA SOCIAL | ANIMADORA SOCIO-CULT | 1 | PROPIEDAD | |
| ASISTENCIA SOCIAL | AVOGADO C.I.M. | 1 | | |
| ASISTENCIA SOCIAL | DIRECTORA C.I.M. | 1 | | |

| | | | | |
|---|---------------------------|---|-----------|--------------------|
| ASISTENCIA SOCIAL | TRABALLADORA SOCIAL | 2 | VACANTES | CONCURSO OPOSICIÓN |
| FOMENTO DO EMPREGO | TÉCNICO DE EMPREGO | 1 | PROPIEDAD | |
| SERVICIOS ASISTENCIAIS E CENTROS DE SAÚDE | LIMPADORA | 1 | PROPIEDAD | |
| SERVICIOS ASISTENCIAIS E CENTROS DE SAÚDE | DIRECTORA ESCOLA INFANTIL | 1 | PROPIEDAD | |
| SERVICIOS ASISTENCIAIS E CENTROS DE SAÚDE | TÉCNICO ESCOLA INFANTIL | 2 | PROPIEDAD | |
| CENTROS DOCENT ENSINO INFANTIL | PEÓN | 1 | PROPIEDAD | |
| CENTROS DOCENT ENSINO INFANTIL | LIMPADORA | 1 | VACANTE | CONCURSO OPOSICIÓN |
| CENTROS DOCENT ENSINO INFANTIL | CONSERJE | 1 | VACANTE | CONCURSO OPOSICIÓN |
| FOMENTO DEPORTE | MONITOR DEPORTIVO | 1 | PROPIEDAD | |
| REDE VIARIA | PEÓN | 2 | PROPIEDAD | |
| REDE VIARIA | VIXIANTE | 1 | VACANTE | CONCURSO OPOSICIÓN |
| SOCIEDADE DA INFORMACIÓN | DIRECTORA RADIO PALAS | 1 | PROPIEDAD | |
| ADMINISTRACIÓN XERAL | ORDENANZA | 1 | PROPIEDAD | |
| ADMINISTRACIÓN XERAL | AUXILIAR INTERVENCIÓN | 1 | PROPIEDAD | |

Información do persoal laboral incluído en programas.

| PERSONAL LABORAL TEMPORAL | | | |
|----------------------------------|-------------------------------|----|------------------------------------|
| ÁREA | POSTO | Nº | OBSERVACIÓNS |
| MEDIO AMBIENTE | XEFE DE BRIGADA | 1 | CONVENIO PREVENCIÓN INCENDIOS |
| MEDIO AMBIENTE | PEÓN CONDUTOR | 1 | CONVENIO PREVENCIÓN INCENDIOS |
| MEDIO AMBIENTE | PEÓN | 3 | CONVENIO PREVENCIÓN INCENDIOS |
| MEDIO AMBIENTE | TRACTORISTA | 1 | CONVENIO PREVENCIÓN INCENDIOS |
| MEDIO AMBIENTE | CONDUTOR MOTOBOMBA | 2 | CONVENIO PREVENCIÓN INCENDIOS |
| MEDIO AMBIENTE | PEÓN | 3 | APROL RURAL |
| ASISTENCIA SOCIAL | AUXILIAR A. FOGAR | 24 | CONVENIO SERVIZOS A.P. |
| FOMENTO DO EMPREGO | ECARGADA AULA MENTOR | 1 | CONVENIO AULA MENTOR |
| FOMENTO DO EMPREGO | PEÓN OBRAS PÚBLICAS | 2 | PLAN ÚNICO DEPUTACIÓN |
| FOMENTO DO EMPREGO | PEÓN LIMPEZA | 4 | PLAN ÚNICO DEPUTACIÓN |
| FOMENTO DO EMPREGO | PEÓN SERVIZO RSU | 1 | PLAN ÚNICO DEPUTACIÓN |
| FOMENTO DO EMPREGO | PEÓN CONDUTOR RSU | 1 | PLAN ÚNICO DEPUTACIÓN |
| FOMENTO DO EMPREGO | TÉCNICO EN EDUCACIÓN INFANTIL | 1 | PROGRAMA FSE+GALICIA 2021-2027 |
| FOMENTO DO EMPREGO | TÉCNICO SUPERIOR | 1 | PLAN INTEGRAL DE EMPREGO 2025-2026 |

| | | | |
|-------------------------------------|------------------------------------|----|---|
| FOMENTO DO EMPREGO | TÉCNICO DE EMPREGO | 2 | PLAN INTEGRAL DE EMPREGO 2025-2026 |
| CENTROS DOCENTES DE ENSINO INFANTIL | TÉCNICO EDUCACIÓN INFANTIL | 1 | PROGRAMA MUNICIPAL DE SERVICIOS |
| PROMOCIÓN CULTURAL | INFORMADOR TURÍSTICO | 2 | CONVENIO CAMIÑO FRANCÉS |
| PROMOCIÓN CULTURAL | PEÓN | 2 | CONVENIO CAMIÑO FRANCÉS |
| PROMOCIÓN CULTURAL | PEÓN MANTEMENTO E ATENCIÓN PÚBLICO | 1 | CONVENIO CASTELO DE PAMBRE |
| PROMOCIÓN CULTURAL | PEÓN USOS MÚLTIPLES | 1 | CONVENIO CASTELO DE PAMBRE |
| PROMOCIÓN CULTURAL | TÉCNICO TURISMO | 1 | CONVENIO CASTELO DE PAMBRE |
| FOMENTO DEPORTE | SOCORRISTA | 2 | PROGRAMAS SUBVENCIONADOS |
| REDE VIARIA | PEÓN | 3 | OBRAS POR MEDIOS PROPIOS |
| REDE VIARIA | CONDUTORES | 2 | OBRAS POR MEDIOS PROPIOS |
| ADMINISTRACIÓN XERAL | PEÓN LIMPEZA E SERVICIOS | 11 | PROGRAMA DE REFORZO DE SERVICIOS MUNICIPAIS |

Palas de Rei, 21 de maio de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1367

PANTÓN

Anuncio

Acordo do Pleno de data 29 de abril de 2026 da entidade de Pantón polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos núm. 8/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

Logo de aprobar definitivamente o expediente de modificación de crédito, financiado con cargo ao Remanente líquido de tesouraría, ao non terse presentado alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Suplemento de crédito en Aplicacións de Gastos

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO | | | |
|-------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| Aplicación orzamentaria | Crédito actual | IMPORTE | Crédito final |
| 161-130 | 25.093,77 € | 11.172,49 € | 36.266,26 € |
| 231-130 | 237.173,45 € | 31.244,73 € | 268.418,18 € |
| 231-131 | 91.424,65 € | 240.558,34 € | 331.982,99 € |
| 920-120 | 52.992,31 € | 8.972,89 € | 61.965,20 € |
| 920-230 | 10.867,84 € | 50.358,20 € | 61.226,04 € |
| TOTAL | 417.552,02 € | 342.306,65 € | 759.858,67 € |

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en Conceptos de Ingresos

| Prog-Econ. | Crédito inicial | Suplemento crédito | Crédito final |
|------------|-----------------|--------------------|---------------|
| 870 | 696.048,02 € | 342.306,65 € | 353.741,37 € |

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Pantón, 26 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1368

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 18/05/2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de ABRIL de 2026, polo importe total de 3.044,68 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 25 de maio de 2026.- O alcalde, P.D. o 1º tenente alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 1369

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA.- SAF ABRIL 2026

Por Resolución de Alcaldía núm. 2026-0157, de data 25.05.2026, procedeuse á aprobación do Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de abril de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado polos/as interesados/as nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva, en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Pobra do Brollón, 25 de maio de 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1370

XOVE

Anuncio

Por Decretos de Alcaldía nº 2026-0503 e 2026-0502 de data 29 de abril de 2026, aprobáronse inicialmente os Padróns do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrencia e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de marzo de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os

días 04 de maio de 2026 ata 06 de xullo de 2026; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 30 de abril de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1371

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía núm. 2026-0512 de data 4 de maio de 2026, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ioga, bolillos e bordado, ximnasia de mantemento, pilates e aerobio e xovesperta) correspondentes a mensualidade de maio de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 11 de maio de 2026 ata 10 de xullo de 2026; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 4 de maio de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1372